

26

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes
30 minutos

Desafío

Vocabulario. Comprensión. Creatividade

A INTRUSA

MATERIAIS

Papel e rotulador ou bolígrafo.

ESPAZO

Espazo para estar en grupos separados, de catro ou cinco persoas por grupo.

DESCRIPCIÓN

Grupos de 4 persoas.

Prepáranse conxuntos de catro palabras entre as que tres están vencelladas entre si e unha cuarta claramente sen relación. O vencello pode ser calquera, tanto tocante á forma como ao significado das palabras.

Unha persoa que non participou na creación dos grupos de palabras pasa a proba. Lénselle as palabras e, nun tempo mínimo, debe detectar a intrusa. Se atina en todos os casos, gaña o xogo.

